

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº21/ Ano: 2020 / 1º xornal Mes de decembro/ Estado de ínfimo sentidiño

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

HISTORIA DE ONS


EMPREGO DAS FURNAS DENDE O NEOLÍTICO

Traemos unha noticia do Club Faro no que falan de que as furnas de Ons puideron estar habitadas na época Neolítica.

Eu amplíe a nova co emprego destas covas mariñas por persoas no século XX, á vez de solicitar un estudio sobre a Historia de Ons antes de que, as persoas illáns que nos poden contar algo, que xa son poucas, non estean entre nós.

Foto: Cova da Londra.

Páx. 1



ONS NA MEMORIA

No ano 1996 perdeuse o único piorno de madeira que quedaba na Illa. Aínda que era doada a súa recuperación e había subvencións da Xunta para facelo, ninguén reparou nel e aí mantívose ergueito ata que a climatoloxía acabou con el. Páx. 2

GUÍA DAS ERMIDAS ILLEIRAS DAS RÍAS BAIXAS

Traio nesta entrega o libro de Lino J. Pazos Pérez sobre as ermidas das illas das rías Baixas, onde Ons forma parte importante.

Foto: Lino dando unha charla no Museo Massó. Páx. 1



CONTOS DE TABERNA

Hoxe traemos unha aventura, real, de tres persoeiros que, a modo de xenerais romanos, quixeron presentarse na de Checho cun carro de cuadrigas (tirado por un só cabalo, Careta) o día da final do Campionato do Mundo de Fútbol de 2010. Lean o que lles ocorreu...

Páx. 4



LEMBRANZAS DA ILLA DE ONS

Vamos coa segunda parte das Lembranzas de Ons que Manolo Feijut reflectiu na Exposición que celebrou en Ourense por motivo da Exposición de Pinturas sobre esta fermosa Illa. Na foto "Carallo" o can de Manolo Feijut. Páx 3



GRUPO FINANCIERO QUERÍA COMPRAR ONS

Unha interesante noticia que xurdiu na prensa a finais de decembro do ano 1988 e que podemos ler como a Jet Set que veraneaba en Marbella quería cambiar de zona e pensou na Illa de Ons. *Foto:* divinity.es Páx. 5



BREVES (Páx. 6)

- Centro de visitantes (I)

Imos comezar neste número un paseo pola necesidade dun espazo onde se mostren os aspectos socio-históricos-etnográficos-naturais de Ons e a súa constante renovación para facelo máis dinámico.

- ONS ARQUEOLÓXICA

Paneis Informativos. Ruta Arqueolóxica circular.

Suplindo unha importante falla de información o concelleiro de M. Ambiente de Bueu, Adrián Ferrer, crea en Ons unha Ruta Arqueolóxica con paneis explicativos.

HISTORIA DE ONS

UTILIZACIÓN HUMANA DAS FURNAS DE ONS NO SÉCULO XX

A principios do mes de novembro pasado, Manuel Regueiro, presidente do Colexio de Xeólogos de España e o Director do Instituto Universitario de Xeoloxía <Isidro Parga Pondal>, Juan Ramón Vidal Romaní, faláron no Club Faro e apoiaban a idea de que: “A arqueoloxía galega dos fondos mariños está aínda sen estudar”. Subliñaron que había unha materia pendente, dicindo: “Facer arqueoloxía submarina non é atopar pecios baixo a auga, senón de investigar restos neolíticos que están baixo o mar”.

Vidal Romaní explicaba: “... fai 10.000 anos Vigo non existía e había un río entre Cíes e Cabo Silleiro”. E, o que máis me chamou a atención do lido no Faro e que indicaba: “Falar da Galicia do Neolítico é falar de covas, pero non son calcarias, senón no granito da terra”. E ofreceu varios exemplos de asentamentos humanos na costa como a Cova da Cunchosa na ría de Aldán, así como as furnas en Cíes e Ons, das que afirmou: “... que tamén foron habitadas e que están agora sendo invadidas polo mar, pero foron refuxio de xente, como o foron tamén as covas de O Galiñeiro e O Folón”.

Cando o lin, veume á mente o artigo que inserín en AUNIOS nº 19, titulado “As furnas nos cantís da Illa de Ons II”. Nese artigo escribía sobre as historias que varios veciños me contaran sobre a súa utilización nos anos 50 s.XX por persoas que se achegaran a Ons fuxidos da represión e persecución franquista. Chegaban á Illa dispostos a traballar só por un sitio onde durmir e pola mantenza. Alí sentíanse seguros e cando vían que algún barco se achegaba a Ons con persoas que puideran ser un perigo para eles, desaparecían e buscaban refuxio nas furnas dos cantís da Illa, onde, nos seus momentos libres, sobre todo días festivos que non había barcos nas proximidades faenando, achegábanse a elas para deixar víveres, repoñer os xa gardados por outros máis recentes, cambiar a roupa gardada por outra nova ou recentemente lavada,...

Comentaban que as furnas máis utilizadas eran a da Londra, Fontenova, Cano das Bombas, as Coviñas,...., pero sobre todo, a de Fedorentos. Esta última furna, xa nos anos 70-80 tamén tivo outra utilización humana ben distinta, pois daba refuxio a centos de caixas de tabaco que os contrabandistas gardaban á espera dun mellor momento para a súa introdución no continente.

Vemos logo, que as furnas de Ons que, segundo Vidal Romaní foron habitadas en etapas neolíticas, tamén no século XX tiveron unha utilización humana, pero ben distinta á comentada

De novo, aquí queda un elo máis da cadea de temáticas a investigar sobre a Illa de Ons por persoas cualificadas e de xeito científico, pois, de non facelo xa, en pouco ou nada, non haberá persoas que viviran eses tempos para contalas e quedarán esquecidas para sempre.





Foto arriba: Tinón no interior da furna das Coviñas.
Foto abaixo: Entrada da Furna de Fedorentos.

LIBRO: GUÍA DAS ERMIDAS ILLEIRAS DAS RÍAS BAIXAS

Desta traio este interesante libro-guía do prolífero Lino Pazos. Aínda que a ermida de Ons é unha parte do conxunto de capelas que existen nas illas das Rías Baixas sobre as que investigou Lino, tráioo aquí polo aprecio especial que lle teño, xunto ao de Naufraxios das Rías Baixas tamén escrito por el, porque a carón do enorme traballo de hemeroteca e visitas a arquivos e bibliotecas que levou, o traballo de campo realizado na procura de datos foi ímprobo e eu tiven a sorte de acompañalo en moitas destas pescudas, non só pola Illa de Ons, senón polas demais illas galegas, tomando notas, facendo fotos, realizando medicións, facendo enquisas,...., xunto á súa muller Toñy.

Aínda teño na memoria un sábado de decembro do ano 1996, cando nos diriximos a Carril cunha canoa na baca do coche para achegarnos á Illa de Cortegada a fotografar e coller os máis datos posibles sobre a súa ermida e illa en xeral. Chegamos e deixamos a piragua na orela e coas nosas cámaras, achegámonos á ermida. Cando comezabamos a fotografar o cruceiro que se atopa diante da capela, aparece do interior desta unha enorme porca brava que despois de observarnos, botou a andar cara a nós con non moi boas intencións. Tempo deunos de correr ata a canoa, pois dentro da capela tiña ás súas crías e o que menos quería era que as molestasen. Co susto no corpo, aínda tivemos que esperar un bo anaco de tempo a que marcharan, e logo, cun ollo na capela e outro polo lugar onde se foran, poder facer as fotos que necesitabamos e marchar escopeteados antes de que volvesen.





Recordando a Laureano Mayán

Faro de Vigo.
19/11/2020

DESDE MI ATALAYA
Manuel Torres



El pasado día 13 se celebró el "Día de la Librería", y el domingo 15, se cumplió el séptimo aniversario del fallecimiento de un marinense ilustre, que, en sus últimos años, se dedicó a escribir sobre "su Marín del alma", con tanto entusiasmo, que en solo siete años escribió seis libros sobre nuestra villa. Por eso pensamos que este "Día de la Librería" algo tiene que ver con él, pues con su fallecimiento, se quedó sin uno de los escritores más prolíferos. Nos referimos a Laureano Mayán Taboada, que, aunque había nacido en Noya, de recién nacido llegó a nuestra villa, a la que amó y de la cual formaba parte por derecho propio, como un marinense más.

Laureano Mayán, fue una persona amable, educado, atento y generoso, que se involucró totalmente en nuestra sociedad, y además polifacético, pues a lo largo de su vida, hizo de todo. De joven se dedicó a practicar el fútbol, concretamente de portero, y defendió la portería del Marín FC, y del Pontevedra, entre otros, con notable éxito, siendo uno de los mejores porteros de su categoría. Mas tarde, hizo sus pinitos, como

aficionado, en la canción, consiguiendo la "cigala de plata", en aquel conocido "Concurso de la Canción de Marín" que tanto éxito tuvo, y después, como escritor, demostró unos dotes excepcionales para plasmar sobre el papel la transformación de nuestra villa a lo largo de los tiempos, su fisonomía, sus gentes y sus imágenes, para llevar a todos los marinenses un trozo de nuestra historia. Y lo hizo con pasión y avidez, para que nada le quedase atrás.

También le quedó tiempo, aparte de formar una familia y velar por ella, de dedicarse a la defensa y conservación de la isla de Ons, formando parte de la asociación: "Cultural-Gastronómica "Pineiróns", que publicaba una revista muy interesante "AUNIOS", de la que fue su director, de muy grato recuerdo.

Por eso y mucho más, desde este mismo comentario solicitamos el nombramiento de "Hijo adoptivo", y hoy, cinco años después, con nuestro recuerdo emocionado volvemos a solicitar, porque Laureano Mayán, se lo merece.

Porque allá donde esté, seguro entre los mejores, seguirá contando las maravillas de su villa marinera y su ría. Un marinense amante de su villa y que disfrutaba con recordar su historia haciendo disfrutar a los demás.




Apoyamos a idea de nomear fillo adoptivo de Marín ao Presidente de Honra da Asociación Cultural "Pineiróns", do que o pasado 15 de novembro de 2020 se cumpriron sete anos do seu pasamento.

Foto: Os socios fanlle entrega da Pineira de Prata a Lano Mayán (2009). < Mayán, sempre no noso recordo >.

ONS NA MEMORIA

Neste número traio a foto dunha perda etnográfica que se foi cando aínda no ano 1996, se podía solucionar cunha pequena subvención das que daba a Xunta para estes temas. Deixo aquí o último artigo que escribín o día 17 de xuño de 1996 cando definitivamente esa xoia etnográfica, o último piorno de madeira de Ons, non puido aguantar o paso do tempo.



Artigo de opinión. Diario de Pontevedra. 17/06/1996

Celestino Pardellas de Blas

O derraideiro Piorno de Madeira era o último da súa xeración. Alí estaba, no outeiro do barrio de Pereiró, coma Símbolo Emblemático dunha Comunidade agrícola. Caeu sen que ningún reparara nel.

Ons: Requiem polo derradeiro "Piorno de Madeira"

Pertencia á casa coñecida coma do Cambados. Aquela casa e a súa eira, eran parada obrigatoria nas clases e excursións didácticas de Educación Ambiental. Alí atopábamnos, as tres xeracións de Piornos illáns: O máis antergo construído de madeira con pes e tomaratos de pedra. O de pedra construído, coma a maioría dos da Illa, por "canteiros" que, fuxindo das represalias do franquismo, buscaban na Illa refuxio. E por último, un de ladrillo-cemento construído a principios dos sesenta demostrando o potencial agrícola da casa. Tamén podíamos observar as pías de pedra que noutrora servían para bebelos animais e ó carón, a Veiga do Liño, unha das dúas únicas existentes adicadas a este cultivo, onde atopábanse antergos aperos de labranza.

Cando a principios do século XIX decidese fortificar e artillar-la Illa, Ons pobóbase con xentes vidas das costas cercanas que se adicaron a cultivar-las fructíferas terras illáns. Sementaban principalmente millo, pois ademais de fariña para a súa alimentación de servir de alimento ós animais, era a moeda de pago de Canon imposto polo Marques de Valladares, seguido logo polos seus capataces e que rematou no ano 1936 coa morte do último dono "oficial" da Illa, o Sr. Riobó.

O cultivo do millo, ó que tiñan que adicalo 60% das súas propiedades, naceu o Piorno. Os medios de transporte e a economía illán, non permitían, inda que había boa materia prima, a construción de Piornos de pedra polo que, facendo un grande esforzo, xa que a madeira era a única fonte de enerxía que posuían e moi escasa, construíronse deste material.

As familias que podíamos considerar ricas (as que posuían varias cabezas de gando e tiñan moita terra trabalada) pagaban a un carpinteiro de ribeira, dos que viñan a arranxa-las Dornas, para que llo fixera; as casas pobres, os construían eles mesmos como podían e empregando a madeira

que os temporais traían os cantís e ás praias.

Os primeiros Piornos de Madeira eran moi toscos, mellorando co paso do tempo, sendo os derradeiros dunha gran feitura gracias ó Sr. Domingo Pérez Vilar, carpinteiro de ribeira da zona do Barbanza, pero que casou e viviu na Illa, que aparte de construír con gran agarimo as Dornas máis mariñeiras que suacur

ron as Rías Baixas, tamén reparaba e construía Piornos de Madeira, á vez de ser, o Sr. Cachote (alcume polo que cariñosamente se lle coñecía na Illa) o mellor copleiro de Galicia.

Os Piornos de Madeira foron desaparecendo paseniñamente, sendo os derradeiros, un do barrios de Canexol desaparecido no 1974 e este que, ós poucos, foi esmorecendo baixo a imposable mirada dos seus donos e da Administración.

Xa en febreiro do 1989, no DIARIO DE PONTEVEDRA, mandaba un SOS para os Piornos da Illa; nin a Consellería de Agricultura, admsitradora da Illa, nin a de Cultura, cos seus campamentos instalados a menos de 10 metros deste simbólico Piorno, se deran por aludidos.

O 10 de febreiro do 1995 saía de novo, no DIARIO DE PONTEVEDRA, en defensa destas construcións populares, máximo reflexo da nosa Cultura Popular Galega, dando conta do seu grave deterioro, e pedía á Consellería de Xuventude que deira un cambio á repetitiva e criticada política de Campos de Traballo que leva en Ons, e que aproveitando as características illáns, se programaran Campos arqueolóxicos, etnográficos..., de reconstrución destas típicas construcións anexas, etc., dándolle a idea da reconstrución dos Piornos.

Antes do verán 95 preparei un pequeno traballo orientativo sobre o tema. A idea gustoulle a delegada de Xuventude, pero a desculpa xurdiu axiña: Non hai cartos para pagar a un profesional que guíe ós rapaces do Campo.

E decir, a Consellería de Xuventude non pode acollerse a unha das subvencións que dá ó longo do ano apra pagar a un profesional durante dous meses. Preferíuse deixar de man a nosa Cultura Popular e continuar co mesmo programa, que naceu no 1979 para os campos de traballo en Ons, segue ata os nosos días.

MANUEL FEIJOÓ RODRIGUEZ. MANOLO FEIJUT. "MANOLO CARALLO"

Seguimos coa homenaxe a "Manolo Carallo" incluíndo a 2ª parte das súas lembranzas e outro dos seus cadros, este en branco e negro, onde reflicte parte do barrio de Canexol. Fixándonos podemos ollar a antiga escola-reitoral, a capela, un dos pequenos piornos que están ao borde do camiño, unha casa e un par de dornas na praia.

Lembranzas da illa de ONS (II)

Continuación.... Foi entón cando me surxíu a idea de submeter-me a unha reparación de casco e pensei que non habería sitio mellor que a illa de ONS. Alí marchei un día, fun varar a unha praia na parte Sul de alí, chamada De Pereiró. Topei alí cun vello mariñeiro alcumiado O Cambados, que hoxe está tomando tazas con Celso Emilio. Deixou-me unha vella casa, das mais antigas e aillada da aillada illa. Recordo que un día polo mes de Novembro, cando o zoar e brear era de inferno, naufragou un iate á altura da miña casa. Nunca cheguei a saber a súa bandeira pero entre os restos do naufraxio apareceu un canciño asido a un madeiro que traía escangallado o remo da amura de babor, que ven sendo, para os de terra adentro a pata dianteira esquerda. Recollín o can, cureino do mellor xeito posivel e bapticeino co nome de "Carallo". O can e eu vivamos largos tempos felices alimentando-nos de peixes, coellos e polbos. Pero un bon día chegou o Instituto Nacional de Colonización e xa se comenzaron a complicar as causas, pois comenzaron a descolonizar a illa e case o conseguiron. De seiscentas persoas que vivían alí todo o ano apenas quedan seis familias que van mais bem no verao. Pero a cousa non quedou así. Aparecen despois o IRIDA e fixeron tamén o que tiñan que desfacer, quer dicer, o que estaba bem feito pola natureza. Chimparon a casa-pazo do dono e amo da illa, un tal Riobó, morto por aforcamento, porque quixo, cando chegou á illa a gloriosa cruzada do ano 36. Construíron coa pedra do pazo derribado unha escola, unha igrexa e uns apartamentos para a clase dirixente que mais parecen edificacións de Terra de Campos que unhas construcións da Galiza mariñeira. Tamén fixeron tres pistas que parten do desembarcadeiro. Unha vai cara ao Norte, chegando á praia de Melide, hoxe praia de nudismo, a que eu bauticei como a "Rua da Perracha". A segunda cara ao Oeste até o faro por encima do monte nomeada por min "Rua do Candiño" e a terceira ao Sul, chegando á beira da casa do Cambados, miña casa, meu fogar, bautizada por min como "Rua do Carallo".

Continuará...



CONTOS DE TABERNA.

A CARRUAXE DOS XENERAIS

Era o día sinalado, 11 de xullo de 2010; ás 20,30 h. comezaba a final do Campionato do Mundo de Fútbol, xogaban Holanda e España, e na Illa de Ons paralizárase todo e a poboación illán e turística concentrárase na de Checho, Acuña ou no Pirata.

Así foi a aventura que nun día de verán, despois da partida, contaron na taberna sobre tres personaxes que decidiran facer unha entrada triunfante, ao estilo da antiga Roma, na de Checho para ver o encontro.

<Os xenerais romanos Pepe de Vigus, Taboadis e Tainatus, xunto co seu xefe de cuadrigas, Mallus (aínda que ese día só contaban coa egua, Careta, de Emilius), decidiron preparar a carruaxe da cuadriga para, pola tarde e antes do partido, facer unha revisión das aldeas galas denominadas (Chiringus, Piratatis e Garulaitis) e logo entrar triunfantes na de Chechus, para, ocupando o palco de honra xunto ao César Gañanis, ver o partido saboreando un bo marisco acompañado dun Gran Bazán ámbar e, se todo saía ben, como era de esperar, gran festa e logo saír vitoriosos cara a Roma.

Todo ía segundo a folla de ruta programada. Ás 19 h. Mallus xunto co enxeñeiro xefe Alexius xa tiña preparado o arreo de varas, aínda que lle custou un rato que Careta se deixase enganchar, e o enxeñeiro revisara os asentos onde ían a ir os xenerais.

Cando coidaron que estaba todo no seu punto, tomaron asento. Adiante, ás rendas, Mallus, ao seu lado Taboadis e detrás Tainatus e Pepe de Vigus.

Sáíron da parte traseira do Garulaitis e subiron a pequena costa cara á corredoira que vén de Melide. Nese pequeno traxecto e xusto cando collían a corredoira, no asento sonou un Crac, Crac!, que, nun principio, non inquietou aos xenerais. Colleron cara ao camiño de rodeiras que vai a Canexol e ao pasar pola aldea gala de Piratatis, foron victoreados polos galos que alí se atopaban.

Mesmo no intre de tomar o camiño de rodeiras, onde hai un pequeno desnivel, os asentos volveron a emitir outro Crac, Crac, Crac!! un pouco máis elevado, que fixo desconfiar aos xenerais aínda que pronto o esqueceron ao ir costa abaixo e sobre as rodeiras, polo que a carruaxe nin os asentos sufriron.

Chegaron ao Chiringus, onde o Pirata Min estaba a montar o televisor fóra para ver o gran acontecemento futbolístico. Ao chegar, tiñan que subir o Tourmalet que separa o camiño da finca do Chiringus. O xefe de cuadriga tirou das rendas para que Careta se dispuxera a gañar o premio da montaña; e así o fixo, conseguíndoo, pero sen evitar que os asentos fixeron, cun ton máis elevado, un sonoro Crac, Crac, Crac, Crac,...!!! que tampouco inquietou os xenerais, xa que a finca era chan, chegaran ao primeiro destino e o enxeñeiro, que pronto chegaría, revisaría.

Cando Mallus, tirou das rendas e berrou a Careta, Xooooo!!!, mesmo no intre da freada, o Crac, Crac, Crac,..., converteuse nun **Crash, Crash!!!**, rematando nun apocalíptico **brummmmm!!!**, quedando esnaquizados os asentos e, agás Mallus que se agarrou as rendas, os demais voaron polo aire.

Tainatus, que naqueles intres aínda posuía algo da axilidade dos seus anos mozos de atleta, deu un chimpo xunto cun pincha carneiro e rodou pola herba da finca, Pepe de Vigus e Taboadis caeron para o mesmo lado e, con grandes dúbidas, xa que daquela non había "var" para repetir a xogada, discutían sobre quen caera enriba de quen, pois Pepe estaba ben, pero Taboadis tiña unhas molestias nas costelas.

E aquí remata a folla de ruta que os xenerais tiñan programada. Aínda que, con resultado dun lesionado, non provocou que deixaran de tomar un Gin Tonic, mentres o xefe de cuadriga, revisaba a carruaxe para ver que fora o que provocara o accidente.

Despois dun bo rato no Chiringus, decidiron ir a pé a visitar as outras dúas aldeas galas, onde estrañados preguntábanlles que pasara coa carruaxe, ao que os xenerais contestaban que: - Careta atopouse indisposto. As 20.30 en punto, fixeron acto de presenza no Chechus e degustando unhas nocras da Illa, unhas navallas de Albacete e Taramundi, ostras de Arcade e unhas ameixas de Melide, xunto cun bo albariño, sufriron durante o partido, pero ao final veu a trolada pola Copa do Mundo conseguida.

Taboadis, non viviu con tanta ilusión a vitoria, aínda que, a súa dor de costelas, non lle impediu dar boa conta do marisco.>

E así remata esta historia. verídica, deste trío de "xenerais" e o seu xefe de cuadriga.



Foto esquerda: Chegada dos xenerais ao Chiringus. Foto centro: Desfeita do asento. Xenerais polo chan. Foto dereita: Xenerais recuperándose da caída.

OSCURAS MANS AXEXABAN Á ILLA DE ONS NO ANO 1988

Xa o sospeitabamos no Onstopus nº 1, cando falabamos daquel veciño que fixera unha viaxe ao futuro e atopaba a súa Illa moi "cambiada". Aquí, facendo unha viaxe ao pasado, nada menos que a 1988, atopamos outra curiosa nova periodística onde lemos as saudables intencións dun grupo de "ecoloxistas" que querían buscar unha saída medio ambiental a certas "especies" que, levando unha vida diaria tan tensa e frustrada, búscañlles un hábitat adecuado para o seu período de descanso.

Parecer ser que, dende "humildes" despachos políticos e financeiros, andaban á procura dalgún lugar "suxestivo" para esa especial "fauna" que, aínda non estando en perigo de extinción, máis ben todo o contrario, si sería importante para relaxalos da súa "dura" vida diaria, á vez de protexelos de especies alóctonas ou endémicas que poidan poñelas en perigo.

E nada menos que pensaron na Illa de Ons, que dende había uns anos estaba collendo un auxe turístico, para ese ecolóxico cometido. Cal sería o motivo para non levalo a cabo?

Se proyecta construir en ella una urbanización privada para la "jet"

Un grupo financiero quiere comprar Ons

AD
Vigo

Un grupo financiero del que forman parte Miguel Boyer, Mario Conde, Juan Abelló, Alberto Alcocer, Alberto Cortina, Enrique Sarasola y Claudio Boada, entre otros muchos famosos personajes de las finanzas españolas, pretende adquirir la isla de Ons que próximamente sacará a subasta el Instituto Nacional de Colonización. El precio tipo de la subasta se estima próximo a los nueve mil millones de pesetas, según ha manifestado en Madrid un portavoz del mencionado instituto. La isla de Ons, que pertenece al Intituto Español de Colonización, organismo autónomo dependiente del ministerio de Agricultura, servirá como marco para la construcción de una elegante y privada zona residencial de chalets, que contará también con un campo de golf de dimensiones similares al famoso Saint Andrews, un acuario, auditorio, pistas de tenis, centro de juegos, guardería infantil, un puerto deportivo, un helipuerto y probablemente una mezquita, si como parece, participa en la operación un multimillonario jeque del Golfo Pérsico cuyo nombre se mantiene por el momento en secreto. Fuentes próximas al grupo han informado a este periódico que la isla estará fuertemente cercada por una red de alerta, que cuidará un equipo seguridad, que se proyecta contratar en la ciudad de Chicago en el estado de Illinois. El acceso a la isla estará severamente controlado hasta el punto de que los propietarios de sus fastuosas viviendas recibirán una tarjeta magnética personal e intrasferible para poder traspasar los controles que aislarán prácticamente la urbanización con la única excepción del puerto deportivo que, a petición de Ramón Mendoza uno de los socios menores del grupo, será cedido en invierno para que sirva de muelle de abrigo a las embarcaciones de las zonas próximas de Sanxenxo, Portonovo y Bueu.



La Isla de Ons, boçado apetecido para Boyer, Isabel, Mario Conde, Sarasola, los "Albertos" y Boada, abajo.

Sarasola el promotor

Al parecer, la idea de adquirir la isla de Ons para construir en ella una urbanización prácticamente reservada a la "jet set" partió del empresario y amigo personal del presidente del Gobierno, Enrique Sarasola, quien concibió la posibilidad de ofrecer una alternativa a los veranos andaluces, no sólo para los habituales residentes en la Costa del Sol, sino para el propio presidente González, aburrido según parece, del Coto Doñana en la provincia de Huelva. Según ha sabido esta redacción de fuentes muy cercanas a los protagonistas, Felipe González sugirió en el curso de una cena privada en La Bodega Guerra, Miguel Boyer, Isabel Presley y Alberto Alcocer, un cambio en su residencia veraniega. Se sabe que González le dijo a Sarasola "A ver si me buscas otra cosa, Enrique, que estoy hasta la coronilla de los chistes sobre Doñana". Tras una larga discusión en la que el único disconforme fue Alfonso Guerra —que defendía la alternativa del

Peñón de Ifach—, se trazaron los primeros planes. Isabel Presley pensaba, sin embargo, que la idea podía ampliarse y que los miembros de la "jet" a los que conoce sobradamente, también estaban pensando en cambiar la Costa del Sol por otra zona geográfica. Sin embargo, fue Mario Conde quien como gallego, pensó en la Isla de Ons e hizo las averiguaciones pertinentes para conocer la identidad de sus propietarios y las posibilidades de compra.

La Isla de Ons es propiedad de un organismo perteneciente a la Administración del Estado y por tanto debe salir a subasta pública antes de pasar a manos privadas. Miguel Boyer habló personalmente con el consejero de Ordenación del Territorio de la Xunta de Galicia, Antolín Sánchez Presedo, quien no puso impedimento alguno a la operación aunque manifestó que debería presentarse un plan parcial para su aprobación por la Comisión Provincial de Urbanismo, plan

que debe tramitarse a través del Ayuntamiento de Bueu.

Si bien el grupo valora la Isla en menos de nueve mil millones de pesetas, se fijó esta cifra por temor a la concurrencia de los KIO. Un grupo formado por varios participantes entre los que se conocen los nombres de "los Albertos", Boyer, el propio Sarasola, Mario Conde, Abello y Boada, se constituyó en el núcleo principal al que se añadieron posteriormente, Enrico Berlusconi, Ramón Mendoza, Adolfo Suárez, Isabel Pantoja, Emilio Butragueño, Mariano Rubio, Emiliano Revilla, Carmen Rossi... Incluso Tita Cervera estaría interesada en disponer de una parcela, pero el Barón no apoya la idea porque no le van las aguas frías de la ría de Pontevedra.

Protestas de colectivos

Sin embargo, no todo han sido parabienes para este proyecto que, según las previsiones estará listo para junio del año 92. El co-

lectivo ecologista "Defensores da Ría", que los promotores desconocen donde pudieron tener la filtración de proyecto tan en secreto llevado, prepara un comunicado, naturalmente, de protesta ante la posibilidad de que la urbanización acabe con las especies propias de la isla. Al parecer les preocupan especies como el *Larus argentatus*, el *Phalacrocorax aristotelis* y el *Uria aalga*, fauna pobladora de la zona y que podría desaparecer sin remisión en cuanto se instale allí el complejo.

Defensores de la Ría informaron a la Federación Gallega de Caza, a pesar de sus malas relaciones, para sumar protestas en defensa de los conejos que ahora pueblan libremente el territorio isleño, cuya paz podrían alterar las noches de sevillanas y demás juergas flamencas, a las que son tan aficionadas las gentes de la Jet.No se descarta que los Defensores informen del proyecto a "Adega".

A pesar de la radical oposición

del vicepresidente Alfonso Guerra, que no quiere ni oír hablar de un cambio de residencia veraniega para el jefe del Ejecutivo, Felipe González esbozó hace unos días en una reunión privada, su interés por adquirir una de las parcelas. González habló con Sarasola y Solchaga que tampoco le hacen ascos a esta posibilidad. El presidente no puede soportar un verano más aislado y rodeado de escoltas y Guardia Civil e indagó sobre la naturaleza del servicio de seguridad privado de la urbanización. Enrique Sarasola le informó que era muy bueno y que se nutría de antiguos boxeadores, ex policías, expertos en artes marciales, veteranos de Vietnam, restos de unidades de élite entrenados en la lucha en la jungla y desactivación de explosivos y que la "Security Service", nombre de la empresa que presumiblemente lo facilitará, había prestado protección a Frank Sinatra y Silvester Stallone entre otros muchos personajes populares. El presidente parece haber dado el visto bueno y, si se lleva a cabo el proyecto, contará con un terreno situado en las proximidades de la Punta do Centolo, en la parte más occidental del complejo y de la isla.

El proyecto

El proyecto mencionado, al que ha tenido acceso esta redacción, divide la isla en ciento cincuenta parcelas en las que se edificarán otras tantas viviendas, cada una de ellas con piscina. Se sabe que todas ellas serán de tan sólo dos plantas para preservar a sus ocupantes de indiscretas miradas y de la presencia de los fotógrafos de prensa y estarán equipadas de un sistema importado de Alemania Federal para aprovechar la luz solar como fuente de energía. Únicamente está prevista la construcción de un lujoso hotel de ochenta habitaciones destinado a los elegidos huéspedes, amigos de los propietarios de la urbanización. Un anexo de este proyecto estipula de un modo tajante que la entrada en este club privado estará siempre en función de la propia comunidad que podrá vetar a cualquier nuevo aspirante a integrarla. Se añade también que todos los visitantes deberán ir convenientemente respaldados por uno de los socios.

El mayor problema que hasta el momento se les ha presentado a los técnicos, arquitectos y urbanistas que desarrollan el proyecto, es precisamente la falta de agua puesto que la isla es escasa en este preciado líquido. Al parecer, este aspecto de la obra se ha resuelto con una solicitud a la mancomunidad del Umia para obtener una cuota de la traída del mencionado río.

Hay que destacar, por último, que el presidente del Gobierno gallego, Fernando González Laxe, ha manifestado que solicitará a los promotores la cesión de una parcela para la construcción de la residencia veraniega presidencial.

De otra parte, hemos podido saber que el Presidente Laxe contempla este proyecto para poder promocionar la pesca del tiburón en el Mar de Galicia.

CENTRO DE VISITANTES DE ONS (I)

Hai anos (1978), pedíao Fernando Alonso Romero. Ons necesitaba un espazo onde poder expoñer todo o seu mundo natural, pero tamén, histórico, etnográfico e arqueolóxico pois estaba a perderse a pasos xigantescos. Un recinto onde se puideran despregar, expoñer, mostrar,..., e a vez explicar, interpretar, estudar e investigar as interesantísimas singularidades illáns. Sería importantísimo para que, a extraordinaria Cultura Popular de Ons, non quede no esquecemento e perdida para sempre, e que as xeracións vindeiras puideran seguir manténdoa e conservándoa na medida do posible, á vez de dala a coñecer e protexela.

Que se levara este proxecto a bo porto, as persoas que nos preocupabamos por Ons, pedíamolo todos os anos aos organismos administradores e xestores da Illa, pero, como si fose unha quimera froito da nosa imaxinación e imposible de desenvolver, caía en saco roto e absolutamente nada ía adiante nese senso.

Cando Ons pasou a formar parte do único Parque Nacional galego, albergamos unha posibilidade de que a idea frutificara. Tiveron que pasar nove anos para que nunha exposición fotográfica que PineirÓns realizou nunha das aulas da escola e despois de que, na presentación, o seu Presidente volviera a recalcar a necesidade dun espazo museístico para dar a coñecer a cultura desta Illa e á vez poder desenvolver iniciativas culturais como a que estabamos a realizar, o seu Director Conservador deu a nova de que, en pouco, o Parque comezaría a preparar esas aulas escolares para sacar adiante un Centro de Visitantes. Nese intre e como diría un tal “emérito”, enchémonos de orgullo e satisfacción, ao escoitar que unha vella reivindicación, por fin, podería facerse realidade. No ano 2010, sen inauguración, veu a luz este Centro de Visitantes.

Vou comezar, en varias entregas, o proceso que levou este Centro, do que penso que despois de 10 anos en funcionamento, necesita un redeseño e, sobre todo, dinamismo e actividade.



Foto arriba: Parte exterior da que será a entrada principal ao Centro de Visitantes. (Foto 1986)

Foto abaixo: Unha das galerías interiores do Centro de Visitantes, no intre de comezar a súa andadura. (Foto 2011)

ONS ARQUEOLÓXICA

PANEIS INFORMATIVOS

Dende o número 9 ata o 19 deste minixornal fixemos fincapé nos restos arqueolóxicos en superficie que están catalogados ata a hoxe en Ons. Supoñemos que haberá moitos máis, pero aínda están esperando a súa saída a luz que será cando os organismos administradores se dean conta que Ons é moito máis que fauna e flora, e dediquen presuposto para a súa investigación.

Aproveitamos esta saída á luz a través de Onstopus para volver a reivindicar o seu estudo exhaustivo por persoal cualificado e dun xeito científico e, dende logo, conservalos, dalos a coñecer e, sobre todo, protexelos.

PineirÓns leva 22 anos solicitando ás diferentes administracións xestoras da Illa ese estudo, á vez de pedir que nas zonas onde se atopan eses restos estean sinalizados, como mínimo, cuns paneis explicativos que lles dean a veciños e visitantes información sobre eles co fin de que saiban valorar o que teñen e o que hai nesta Illa.

Pediamos que esa información a través de indicadores, fosen instalados en zonas emblemáticas e de difícil acceso para a súa visualización, así era o caso da Laxe do Crego, o Castro e Cova dos Mouros, a Salga Romana, os Petróglifos,..., pero non o fixeron dende Parques, tivo que ser, a través dunha subvención dese organismo, Parques que, o daquela Concelleiro de M. Ambiente do concello de Bueu, Adrián Ferrer, solicitou unha axuda para realizar unha Ruta circular Arqueolóxica, con paneis informativos.

Déronlla, e foi así como os visitantes, ao pasear pola Illa, poden saber e visualizar eses restos arqueolóxicos aos que non poden achegarse con facilidade. A idea foi boa, aínda que, sen ánimo de crítica, pode mellorarse co tempo, xa que eses paneis non son eternos e nalgún intre haberá que renovalos, momento ideal para emendar algún detalle e o cambio de radicación dalgún dos paneis.

Referímonos ao panel da Salga Romana que podería recolocarse nun lugar máis adecuado, que eu poría en Canexol fronte á antiga escola e reitoral, facéndoo un pouco máis amplo e onde se fale tamén do Castro e Cova dos Mouros, dos grandes piornos, da capela e da casa escola-reitoral.


Interesante sería outro panel, a maiores, que informe sobre os petróglifos, situándoo na zona do Caño pero informando dos existentes no Chan da Pólvora.



De arriba-abaxo: Paneis de Castelo da Rueda, Laxe do Crego, Salga Romana e Castro dos Mouros.



Foto enviada por un lector, aparecido en Facebook o 13 de decembro de 2013 e que di: "Dornas e chalanas , mariñeiros da Illa de Ons , remolcadas para a lonxa de Bueu, ano 1970Foto// Jose Israel Hermelo Martinez"



Dorna do illán Manuel Reiriz, remolcada despois de estar faenando á pesca do polbo ao espello na banda oeste de Ons.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

PETICIÓN DE COLABORACIÓN

En Onstopus 19, sacábamos esta foto (Foto arriba á esquerda), que un amigo atopou en Facebook e que nos preguntaba se verdadeiramente poderían corresponder á Illa de Ons. Eu dubidábao, e púxena para ver se alguén podía dar razón dela, xa que, intentamos entrar na páxina de onde a sacou e nos foi imposible. É por iso que volvemos a poñela de novo para pedir axuda aos nosos lectores e ver se lle damos vento a esta foto, da que dicían que eran chalanas de Ons que viñan a Bueu.

Preguntamos: Alguén coñece ao autor da foto: José Israel Hermelo Martínez? E, á vez, preguntar e pedir que nos deades a vosa opinión ao respecto. Nós, nesta segunda entrega, poñemos para axudar (Arriba á dereita) a foto dunha dorna polbeira de Onsvolvendo remolcada ao peirao despois de faenar na parte de fóra da Illa.

Ata o de agora temos a opinión dun lector, toda unha autoridade en temas mariños, que explica:


"Concordo co que ti dis. Para min, é totalmente imposible que eses barcos sexan de Ons e o mesmo digo que os leven a todos de remolque rumbo a Bueu; non ten senso ningún. As gamelas da Guarda son lixeiramente distintas das de Coruxo; estas son máis finas e con fondo curvo, pero claro aquí non se pode apreciar. Chegan estas últimas a cruzar a ría de Vigo ata Cangas; pero non hai nova de que seguisen para norte; están entre Baiona e Cangas.

O de diante por suposto que non é unha dorna, nin sequera das do interior da ría da Arousa, que sabes que tiñan cadernas e os bancos estaban postos a tope, como os do barco da foto. Eu, pola manga que se aprecia, cheguei a pensar nun bote polbeiro de Bueu, pero, sen velo de costado para contrastar esloro/manga, nada se pode dicir. Semella que a relación entre ambas é moi pouca, pero as fotos confunden, segundo o enfoque e ángulo.

Parece que foron ao marisco, se son varas as que vexo nas gamelas... E iso tampouco me acae moito para Ons".

Interesante esta suxestión que dá un punto á que eu expuxen en Onstopus 19. Tamén temos outra que di: *"Máis ben parecen DORIS, dos utilizados polos barcos da pesca do bacallau (frota branca) portuguesa en Terranova (ou similar) remolcados; a roupa de auga e sobre todo o sombreiro non parecen galegos...".* Relevante tamén a deste lector que repara na vestimenta.

Eu suxiro que nos fixemos na matrícula do primeiro barco que, sen entender moito do tema, coido que non ten nada que ver coas que acostumamos a ollar nos barcos galegos e menos nos da zona das Rías Baixas. Por aí podemos sacar algo en limpo. (Foto abaixo dereita: Comprobamos nos barcos de Ons dos anos 70 s.XX, como as chalanas son de proa en punta).



Detalle da matrícula da embarcación que vai de primeira na foto de enriba.

